

**UNIVERSIDADE DE VIGO  
POSGRAO EN ESTUDOS DE XÉNERO  
2008-2009 / 2009-2010**

**Materia: Taller de Deseño e elaboración de proxectos e informes desde a perspectiva de xénero**

**Código: 3013040351**

**Créditos: 3**

**Docentes: Luz Varela Caruncho e Amada Traba Díaz**

**Departamento: Socioloxía, C. Política e Admón. e Filosofía.**

**Área: Socioloxía**

**Curso 2009-2010**

# TALLER DE DISEÑO E ELABORACIÓN DE PROXECTOS E INFORMES DESDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

## 1. CONTEXTUALIZACIÓN

As políticas de igualdade impulsáronse dende distintos ámbitos co fin de promover a igualdade real, remover os obstáculos e as barreiras estruturais e culturais que discriminan ás mulleres e para resolver a desigualdade persistente entre homes e mulleres. Despois de anos de experiencia, de reflexión e de avaliación considerouse necesario afrontar un cambio estratéxico que se concretou na transversalidade ou *mainstreaming* de xénero.

A integración da perspectiva de xénero reconece que as iniciativas dirixidas especificamente a as mulleres, aínda que necesarias, son insuficientes por si mesmas para desencadear un cambio importante. Aínda que moitas son innovadoras e benefician ás mulleres que participan directamente, non afectan de forma axeitada á distribución de servizos ou recursos das políticas e proxectos xerais, de modo que apenas inciden na redución ou eliminación das desigualdades entre mulleres e homes. A integración da perspectiva de xénero cuestiona estas políticas, reconece unha forte conexión entre a desvantaxe relativa das mulleres e a vantaxe relativa dos homes e céntrase nas diferenzas sociais entre mulleres e homes.

A integración da perspectiva de xénero é unha ferramenta para comprender mellor as causas das desigualdades entre mulleres e homes nas nosas sociedades e para presentar estratexias apropiadas que permitan afrontalas. Para a súa praxe necesita dunha acción política clara e concreta que comprenda o deseño político, a toma de decisión, o acceso aos recursos, os procedementos e prácticas, a metodoloxía e a aplicación, seguimento e avaliación. Implica o desenvolvemento de capacidades e de coñecementos básicos sobre a integración da perspectiva de xénero e de como aplicala.

Para a incorporación, seguimento e a avaliación da integración da perspectiva de xénero son indispensables: procedementos e ferramentas deseñados especificamente, datos sistematicamente desagregados por sexo, indicadores de xénero específicos -de contexto, de realización, de resultados e de impacto- dispositivos específicos para garantir o principio de igualdade de xénero no ciclo de xestión dun proxecto, participación das entidades e persoas responsables de igualdade no seguimento e avaliación do proxecto, etc.

No deseño e na elaboración de proxectos e informes, a avaliación é un elemento indispensable para o que todos os actores implicados e participantes –responsables, mediadores, destinatarios- nun programa coñezan en profundidade o que se podería facer, o que se está a facer, como, con quen, con que recursos e con que resultados, en relación cuns criterios valorativos preestablecidos, quer cientificamente, quer por proposta de quen o impulsa. Neste sentido a avaliación permite ter unha comprensión global da lóxica interactiva entre deseño e posta en práctica ao compás dos actores implicados.

Sinalar que a avaliación é tamén un proceso formativo que permite que os actores implicados aprendan e se fagan conscientes das súas prácticas para afirmalas ou cambialas. Está concibida, asemade, como un proceso participativo no que é posible intercambiar experiencias, reflexións e coñecementos, e sobre todo, ideas para identificar obstáculos e dificultades e a maneira de afrontalos. Este proceso avaliativo debe permitir a elaboración de propostas e recomendacións.

## **2. OBXECTIVOS E COMPETENCIAS**

### **▪ Obxectivos**

Coñecer e analizar as distintas estratexias nas que se sustenta a acción pola igualdade.

Ofrecer instrumentos conceptuais e metodolóxicos para analizar criticamente a realidade con perspectiva de xénero.

Promover o enfoque do "mainstreaming de xénero" como estratexia de transformación do sistema de xénero sustentado sobre o patriarcado e a produción.

Introducir os elementos básicos, conceptuais e metodolóxicos, que permitan a aplicación práctica con perspectiva de xénero.

Ofrecer instrumentos conceptuais e metodolóxicos para elaborar diagnósticos, deseños e avaliacións das iniciativas públicas ou privadas orientadas a eliminar as desigualdades de xénero e acadar a igualdade.

### **▪ Competencias**

Avaliar a realidade social con perspectiva de xénero para podela transformar.

Ter criterio para valorar diferentes alternativas segundo o contexto e para procurar, seleccionar, afondar e utilizar a información dispoñible.

Aplicar as metodoloxías da intervención social con perspectiva de xénero.

Elaborar ferramentas para o deseño e elaboración de proxectos e informes.

Desenvolver habilidades de dinamización e animación social e para o traballo cooperativo e a negociación.

### **3. CONTIDOS**

Aplicación das estratexias de intervención nas políticas de igualdade:

- O mainstreaming de xénero en diferentes ámbitos institucionais.
- Actores sociais nas políticas de igualdade (organizacións, empresas, sindicatos, asociacións, etc.)

A implementación das políticas de igualdade: a concreción en plans e programas.

A avaliación das políticas de igualdade: conceptualización e metodoloxía.

Elaboración de diagnósticos e deseños de políticas de igualdade.

### **4. METODOLOXÍA DOCENTE**

Dado o carácter práctico deste taller partírase da reflexión teórica precedente no posgrao para a súa aplicación práctica, empregando unha metodoloxía activa e participativa que permita crear un clima de comunicación e debate que facilite o logro dos obxectivos propostos.

Trátase de que o alumnado realice propostas de traballo e de análise para desenvolver as competencias formuladas. Para elo, organizaranse actividades que permitan ao alumnado a reflexión crítica e o contacto directo coa realidade para poder contrastar teoría e práctica, considerar alternativas, escenarios de acción e actores sociais.

Realizarase un seguimento a través de titorías presenciais e non presenciais, individuais e de grupo.

### **5. AVALIACIÓN**

A avaliación forma parte do proceso interactivo de ensino-aprendizaxe. Os criterios para avaliar teñen que ver cos obxectivos, competencias, contidos e actividades propostas na materia. A avaliación terá en conta as capacidades instrumentais, interpersoais e sistémicas propostas. A avaliación terá carácter continuo e formativo a través de todas as actividades presenciais e non presenciais que se realicen.

## 6. BIBLIOGRAFÍA

Alvira Martin, F. (1991) *Metodología de la evaluación de programas*. Madrid, CIS.

Alvira Martin, F. (1997) *Metodología de la evaluación de programas: Un enfoque práctico*, Buenos Aires, Lumen.

Amorós, C. (2005) *La gran diferencia y sus pequeñas consecuencias...para las luchas de las mujeres*. Madrid, Cátedra.

Astelarra, J. (2005) *Veinte años de Políticas de Igualdad*, Valencia, Cátedra.

Bustelo, M. (2004) *La evaluación de las políticas de género en España*, Madrid, Catarata.

Bustelo, M., Lombardo, E. (2007) *Políticas de igualdad en España y Europa*. Madrid, Cátedra

Lombardo, E. (2004) *La europeización de la política española de igualdad de género*, Valencia, Tirant lo blanch.

Rosilli, M. (ed.), (2001) *Políticas de género en la Unión Europea*, Madrid, Narcea.

Traba, A. (1994) *Primeiro Plan de igualdade de oportunidades e de trato das mulleres de Vigo 1993-1997*.

Traba, A., Varela, L. (1998) "Políticas de igualdad. Planes de igualdad." Congreso Español de Sociología. Coruña

Traba, A., Varela, L. (2006) *II Plan de igualdade do Concello de Redondela*.

Traba, A., Varela, L. (2007) "As políticas de igualdade nos concellos" en IV Congreso Ástur-Galaico de Sociología. Universidade da Coruña.

Varela, L., Traba, A (1999) *As mulleres de Vigo hoxe*. Concellería da Muller. Concello de Vigo

Varela, L., Traba, A (2003) *II Plan Municipal para a igualdade de oportunidades e de trato das mulleres de Vigo 2003-2004*. Concellería da Muller. Concello de Vigo.

Varela, L., Traba, A (2005) *Informe de avaliación do Primeiro plan de igualdade de oportunidades das mulleres e homes do Concello de Redondela*.

Varela, L., Traba, A. (2005) Políticas públicas para la igualdad entre hombres y mujeres. Ponencia Congreso virtual igualdad de oportunidades entre hombres y mujeres. EQUAL. Savia Femenina. Zaragoza.

Varela, L., Traba, A. (2006) *Informe diagnóstico da situación das mulleres de Redondela*. Concello de Redondela.

Varela, L., Traba, A (2007) “Aproximación a la realidad de las mujeres emprendedoras del sur de Galicia. Representaciones, trayectorias y estrategias”. IX Congreso español de Sociología. Barcelona.

Varela, L., Traba, A (2007) “Avaliación das políticas públicas de igualdade”. II Xornadas sobre Administración Pública e xénero: a xestión da igualdade no ámbito autonómico e local. Bergondo

Varela, L., Traba, A (2007) “*Informe de avaliación da integración da perspectiva de xénero no proxecto Equal Conta con Elas*” Vigo

Varela, L., Traba, A (2007) “*Informe de avaliación dos Bancos do Tempo*” *Experiencia piloto do proxecto Equal Conta con Elas*”. Vigo

Varela, L., Traba, A (2008) “ Políticas públicas de igualdad en el ámbito local: ejemplos de buenas prácticas”. IV Jornadas Mujeres, Instituciones y Política. Santiago de Compostela.

Vedung, E. (1997) *Evaluación de políticas públicas y programas*. Madrid, Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales.